

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 14/08/1978

Colección:

Data: 14/08/1978

De:

Ricardo Palmás;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Londres (local), Gran Londres (rexional), Inglaterra (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Autores/as; Figuracións; Medios de comunicación; Prensa escrita;

Mencionados:

Henry Moore; Herbert Read; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 14/08/1978

Londres

14.8.1978

Benquerido Seoane:

Apenas unhas liñas para lle pedir algunhas cousas. Acabo de recibir unha carta de John Purkis –lémbrese del?, estivo na súa casa d-A Coruña e vostede lle fixo un retrato para Figuracións–; pois ben, quere escribir un artigo sobre Vd. con destino a Proteus, que é a revista sobre artes que edita aquí a “Open University”. Pídeme algunha bibliografía en castelán. Eu verei de conseguir algo cando vaia a España o mes vindeiro, mais sería bon se se lle puidera dar algo feito na Arxentina. Sería posíbel?

Por desgracia, eu non teño material aquí, está todo en Bs. As. Tamén sería comenente algunhas transparencias ou fotos de obras suas, para ilustrar o artigo.

Purkis ignora que Vd. estivo aquí no 49, sería bon darlle información sobre isto e a

sua relación con Read e Moore. Ten copia da correspondencia que, coido, tivo con eles?

Desculpe que lle pida estas cousas, mais ocúrreseme que é o medio máis directo, en Galicia siguen coa teima de non responder ás cartas.

Gracias e unha aperta para Vd. e Maruxa.

Ricardo Palmás

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.